

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE 2009**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de setembro deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Segunda Tenenta de Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, en funcións de Alcaldesa, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 23 de setembro de 2009.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas municipais de instalación e de obras para: subministración e instalación de xerador fotovoltaico conectado á rede con saída nominal de 27,6 KW e seguidor solar en Santa María Madanela de Adai e para ampliación de corte para recría de xovencas en Quintián, Santa María de Muxa, número 1.

Tamén se acorda a concesión de licenza municipal de apertura dun comercio polo miúdo de toda clase de artigos-bazar na rúa das Andoriñas, número 23-baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para modificación da urbanización exterior da parcela onde se sitúa a nave sen uso definido con licenza número 652/08, sito na rúa das Cesteiras. rreiro B. parcela 9.3.1. Parque Empresarial IN-F- Polígono do Ceao; para reforma e ampliación de edificio de vivendas con licenza número 523/08, consistente na adición dunha planta e baixo cuberta e ampliación do fondo de

edificación en todas as plantas altas, para igualalo cos edificios lindeiros ó autorizado na licenza anterior para un total de 8 vivendas, rúa da Raíña 17-19 e para construción de edificio na rúa Serra dos Ancares, números 31-33.

Tamén se acorda a denegación das seguintes licenzas: para legalización de planta alta na nave 9 que se agrega á nave 8 e obras de reforma interior nas naves existentes con licenzas 99/07 e 100/07, para pavillón deportivo para a práctica de paddle na rúa Factoría, parcela 117, subparcela 8 e 9; para construción de edificio de planta baixa para uso de punto de concentración e interconexión PICI en Tirimol e para construción de edificio na rúa Centolo, número 20.

Acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa da Baixa con licenza de obra 380/2006 e 1106/2009.

### **ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios polo traballador con funcións de Inspector de concesión de limpeza viaria e RSU, con motivo das festas de San Froilán 2009 e tamén se acorda a autorización para a realización de horas extraordinarias pola funcionaria da Área administrativa da Policía Local así como se aproba a forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa adxudicataria do servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte do Excmo. Concello de Lugo, para o período comprendido entre o 16 de novembro de 2008 e o 15 de novembro de 2009.

Así mesmo, acordase a adxudicación provisional para a contratación dun servizo de cociña para a escola infantil “As Fontiñas”.

Tamén se acorda a adxudicación provisional para a contratación da subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade no xardín da Fonte dos Ranchos no Concello de Lugo.

**5. INTERVENCIÓN.-** Deuse conta da modificación número 10 do Orzamento Xeral de 2009, mediante transferencia de crédito por importe de 600.000,00 euros.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- En relación coa solicitude de concesión de licenza para construír un depósito para almacenamento de auga para o Servizo de Prevención contra incendios forestais e abastecemento do lugar de Vilarvite, Parroquia de Coeses, acórdase outorgar trámite de audiencia, con traslado do informe de Enxeñería á Consellería de Medio Rural, co obxecto de que poida formular alegacións e achegar a documentación que estime procedente.
- Acordase a autorización para a realización de servizos extraordinarios polo persoal de Cultura durante as Festas de San Froilán 2009 e da aprobación da forma de compensación.
- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por funcionarios adscritos ó Servizo de Urbanismo.

Lugo, 30 de setembro de 2009  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García